

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES PLURILINGÜE ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ
CURSO: EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA ADULTOS - MÓDULO 2
MATERIA: ÁMBITO DA COMUNICACIÓN - SUBMÓDULO DE
LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁN
DATA: 07/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1 Comprender e interpretar a intención comunicativa de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios comunicación audiovisual.	B1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa dos textos orais dos medios de comunicación.
	B1.1.2. Comprende e interpreta a intención comunicativa dos medios de comunicación audiovisual.
B1.2. Participar activamente en situacións de comunicación características das diferentes tarefas curriculares, especialmente para a organización e xestión das actividades de aprendizaxe, na busca e achega de información, na petición de aclaracións.	B1.2.3. Fai preguntas e comentario pertinentes ante as intervencións dos demais.
	B1.2.4. Respecta as intervencións dos demais
	B1.2.5. Participa nas conversacións en grupo encamiñadas á expresión, contraste de opinións e toma de decisións.
B1.4. Coñecer as diferentes estratexias comunicativas que axudan ao inicio, ao desenvolvemento e á finalizacións das interaccións.	B1.4.1. Usa apropiadamente as fórmulas lingüísticas traballadas en situacións concretas de comunicación: cortesía, acordo, discrepancia.
B1.7. Recoñecer diferentes textos segundo a intencionalidade do emisor/a	B1.7.1. Recoñece a diferenza entre textos informativos, argumentativos, instrutivos e literarios.
B1.12. Valorar positivamente a utilización das linguas galega e castelá en todos os ámbitos lingüísticos.	B1.12.1. Usa con normalidade as linguas galega e castelá en todas as situacións.
B1.14. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.	B1.14.1. Participa en conversas informais nas que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.
B3.1. Coñecer as diferentes características da linguaxe oral e escrita.	B3.1.1. Coñece as características da linguaxe oral e escrita.
B3.2. Coñecer as diferenzas entre a linguaxe formal e informal.	B3.2.1. Coñece as diferenzas entre a linguaxe formal e informal.
B4.1. Coñecer a realidade plurilingüe de España, a distribución xeográfica das súas linguas e dos dialectos, as súas orixes históricas e algúns dos seus trazos diferenciais.	B4.1.1. Localiza nun mapa as linguas de España e explica algunha das súas características diferenciais, comparando varios textos; recoñece as súas orixes históricas e describe algúns dos seus trazos diferenciais.
B4.3. Coñecer e valorar as variedades da lingua castelá na Península.	B4.3.1. Coñece a evolución da lingua castelá e as súas variantes dialectais.
B4.5. Valorar a lingua como o grande medio de comprensión e participación da/na historia colectiva e individual.	B4.5.1. Valora a lingua como o grande medio de comprensión e participación da/na historia colectiva e individual.
B3.4. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas.	B3.4.1. Recoñece e usa as regras da acentuación (agudas, graves e esdrúxulas) e do til diacrítico.

B3.5. Analizar e usar correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual.	B3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual.
B3.7. Recoñecer, explicar e usar con corrección as categorías gramaticais seguintes: pronomes persoais átonos, verbo preposición, adverbio e conxunción.	B3.7.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais (pronomes persoais átonos, verbo, preposición, adverbio e conxunción) nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros.
B3.9. Coñecer expresións e vocabulario de uso frecuente, referido a obxectos do entorno inmediato, situacións e actividades cotiás.	B3.9.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitada á situación.
B3.10. Recoñecer e usar correctamente as relacións de sinonimia, polisemia e antonimia.	B3.10.1. Recoñece e usa correctamente sinónimos, antónimos e palabras polisémicas.
B3.13. Recoñecer, usar e explicar os nexos e conectores textuais (espaciais, temporais, de oposición e de contraste) e os principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais coma léxicos.	B3.13.2. Recoñecer e usar nexos e conectores espaciais, temporais, de oposición e de contraste.
B2.1. Comprender e interpretar textos descritivos.	B2.1.2. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe utilizada nos textos descritivos.
B2.2. Comprender e interpretar textos xornalísticos. A reportaxe, artigos de opinión, editoriais.	B2.2.2. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe utilizada nos textos xornalísticos: a reportaxe, artigos de opinión, editoriais.
B2.3. Comprender e interpretar textos dialogados.	B2.3.1. Comprende e interpreta textos dialogados.
B2.4. Crear textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: buscar e desenvolver ideas, organizalas, facer unha primeira redacción, corrixir, reelaborar o texto e preparar a redacción definitiva.	B2.4.3. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo requira a situación comunicativa.
	B2.4.5. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).
	B2.4.7. Crea textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: corrixeo (conforme ás normas ortográficas, morfosintácticas e tipográficas).
B2.5. Buscar palabras en dicionarios en papel ou dixital, motores de busca da información...	B2.5.1. Busca palabras (sinónimos, antónimos, fraseoloxía...) en dicionarios en papel ou dixital.
B2.7. Producir textos xornalísticos a partir dun modelo, en formato papel ou dixital.	B2.7.1. Produce textos xornalísticos (reportaxe, artigos de opinión) a partir dun modelo, en formato papel ou dixital.
B2.8. Producir textos descritivos en formato papel ou dixital	B2.8.1. Produce textos descritivos, en formato papel ou dixital, sobre temas cotiás, de forma breve e sinxela.

B2.9. Producir textos dialogados en formato papel ou dixital.	B2.9.1. Produce textos dialogados en formato papel ou dixital.
B2.12. Presentar os textos escritos, tanto en formato papel como en formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfica ou tipográfica.	B2.12.1. Presenta os textos escritos, tanto en formato papel coma en formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfica ou tipográfica.
B2.13. Valorar a escrita como fonte de coñecemento académico e experiencial.	B2.13.1. Produce textos nas linguas galega e castelá fóra do ámbito académico.
B2.15. Valorar a actitude positiva ante a produción escrita nas linguas galega e castelá.	B2.15.1 Valora positivamente a produción escrita nas linguas galega e castelá.
B5.3 Ler expresiva e comprensivamente e facer audicións de poemas recitados, cantados, determinar o tema principal, a estrutura xeral e pór de relevo os principais recursos estilísticos.	B5.3.1. Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos.
B5.4. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.	B5.4.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.
B5.7. Comparar textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.	B5.7.1. Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.
B5.10. Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	B5.10.1. Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Durante a avaliación dos procesos de ensinanza-aprendizaxe utilizaranse técnicas e instrumentos de avaliación variados. Entre algunhas <u>técnicas</u> destaco a análise sistemática do alumnado e do seu traballo diario, a valoración da participación nas tarefas de ensinanza-aprendizaxe e as probas escritas. En relación cos <u>instrumentos</u> de avaliación destacamos algúns como as probas escritas, as listas de control, os anecdotarios ou as rúbricas de avaliación.</p> <p>Así mesmo, é preciso destacar que para establecer a cualificación do alumnado no ámbito da comunicación realizarse a media ponderada dos dous submódulos integrados nel tendo en conta a seguinte porcentaxe:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Submódulo de lingua galega e castelá → 70% ✓ Submódulo de lingua estranxeira → 30% <p>Sinalar que o que se recolle <u>nesta adaptación da programación refírese</u> en todo momento <u>ao submódulo de lingua galega e castelá</u>, pois a adaptación da programación do submódulo de lingua estranxeira correspóndelle á persoa encargada de impartir dito submódulo.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Os <u>criterios de cualificación</u> a ter en conta son os seguintes.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Probas de avaliación escrita (realizando a media aritmética de todas) teñen un valor do 40% sobre o total da nota, estas realizaranse de forma online. 2. Hábitos de traballo e resultado das actividades e tarefas realizadas terán un valor do 60 % sobre o total da nota e terase en conta que as tarefas: <ul style="list-style-type: none"> ✓ Sexan entregadas no prazos establecidos. ✓ Foran realizadas de forma reflexivas. Non se valoraran respostas nin realización de tarefas que non teñan sentido, que fosen realizadas co único obxectivo de dalas por entregadas pero que as solucións non se aproximen para nada ao solicitado. Non serve o facer por facer, cada tarefa terá unhas indicacións que deberán ser cumpridas para que se poidan dar por válidas. ✓ Que o alumnado pregunte todas as súas dúbidas. No se valorará as tarefas ou exercicios entregados en branco e que se poña como escusa que algo non se sabía si non se preguntaron as dúbidas. Establecéronse diversas canles de comunicación, e incluso, se lle dixo ao alumnado que podía preguntar todas as súas dúbidas por WhatsApp en calquera momento.

	<p>✓ Que a presentación das tarefas sexa adecuada, é dicir que a presentación das tarefas e actividades se centre nos criterios establecidos e que se presenten con suficiente organización, orde e claridade.</p> <p>Así mesmo, sinalar que para unha avaliación positiva o alumnado deberá como mínimo (<u>mínimos esixibles</u>):</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Comprender e interpretar a intención tanto de textos orais coma escritos, identificado tanto ideas principais como secundarias e diferenciando entre rexistro formal e informal. 2. Crear discursos breves e comprensibles, así como elaborar textos (descritivos, xornalísticos, correspondencia, cómic...), utilizando tanto a linguaxe formal como a informal e aplicando as normas ortográficas e morfolóxicas. 3. Coñecer e aplicar as TIC na interpretación e produción de textos orais e escritos, así como na busca de información (buscadores, dicionarios en rede...). 4. Recoñecer e usar categorías gramaticais (pronomes persoais, verbo, adverbio, adxectivo e conxuncións), distinguir entre suxeito e predicado e recoñecer e utilizar correctamente as relacións de sinonimia, antonimia e polisemia.
<p>Proba extraordinaria de maio</p>	<p>O alumnado que non superou o primeiro modulo do ámbito da comunicación ten dereito á realización dunha proba extraordinaria en maio, tal e como se recolle na Circular 4/2019 da educación secundaria para adultos, a superación desta proba dálle o dereito a ser avaliado no módulo 2 polo que, considero que nesta adaptación tamén se debe facer mención á mesma.</p> <p>Dado que os contidos do módulo 1 do ámbito da comunicación foron desenvoltos sen ningún problema ou dificultade, a avaliación que se fará será en base a eses contidos, tendo en conta para dita avaliación os estándares, os criterios e os mínimos esixibles establecidos na programación do ámbito da comunicación para o módulo 1. Para esta avaliación realizaranse dúas probas:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Un traballo escrito (cun valor do 30 % sobre a nota final). Tanto a temática, como as condicións e criterios de realización serán postos en coñecemento do alumnado que teña que recuperar o módulo 1. 2. Unha proba escrita (cun valor do 70 % sobre a nota final). A data desta proba e o procedemento para a súa realización tamén serán postos en coñecemento dos/as interesados/a e realizarase de forma telemática.

<p align="center">Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>O alumnado que non superou o segundo modulo do ámbito da comunicación ten dereito á realización dunha proba extraordinaria en setembro, tal e como se recolle na Circular 4/2019 da educación secundaria para adultos (ESA). Para esta avaliación realizaranse dúas probas:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Un traballo escrito (cun valor do 30 % sobre a nota final). Tanto a temática, como as condicións e criterios de realización serán postos en coñecemento do alumnado que teña que recuperar o módulo 2. 2. Unha proba escrita (cun valor do 70 % sobre a nota final). A data desta proba e o procedemento para a súa realización tamén serán postos en coñecemento dos/as interesados/a e realizarase de forma telemática, no caso de que non se poida realizar de forma presencial.
<p align="center">Alumnado que ten o ámbito pendente</p>	<p><u>Criterios de avaliación:</u></p> <p>Os criterios de avaliación para o alumnado que ten o ámbito 2 pendente serán os mesmos que os establecidos para o resto do alumnado, xa que esta modalidade da Educación Secundaria para Adultas é presencial. Non caso de que o alumnado no acuda con regularidade a aula ou, neste caso, non continúe as clases online sen motivo xustificando, perderá o dereito a avaliación continúa. De ser así, realizaráselle unha avaliación final tras o 19 de xuño, tal e como se recolle na circula 4/2019 da educación secundaria para adultos. Para a superación deste ámbito teranse en conta tanto os criterios como estándares e mínimos esixibles recollidos previamente adaptándoos, evidentemente, ás probas que se realicen.</p> <p><u>Criterios de cualificación:</u></p> <p>Para a avaliación do alumnado que ten o ámbito da comunicación suspenso, e perdeu o dereito á avaliación continua, teranse en conta os seguintes criterios de cualificación:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Probas de avaliación escrita, teñen un valor do 70% sobre o total da nota. Estas realizaranse de forma online. 2. Realización de traballos, teñen un valor do 30% sobre o total da nota e teranse en conta os seguintes requisitos: <ul style="list-style-type: none"> ✓ Adecuación ao criterios establecidos (de contido e de extensión e de organización). ✓ Presentación no prazo establecido. ✓ Coherencia no traballo realizado. ✓ Orixinalidade (que o traballo non sexa un plaxio). <p>Así mesmo, tamén se terán en conta os mínimos esixibles xa establecidos previamente.</p> <p><u>Procedementos e instrumentos de avaliación:</u></p> <p>A avaliación do alumnado que ten o ámbito pendente, e perdeu o dereito á avaliación continua, realizarase mediante dúas probas:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Un traballo escrito (cun valor do 30 % sobre a nota final). Tanto a

	<p>temática, como as condicións e criterios de realización serán postos en coñecemento do alumnado que teña que recuperar o ámbito.</p> <p>2. Unha proba escrita (cun valor do 70 % sobre a nota final). A data desta proba e o procedemento para a súa realización tamén serán postos en coñecemento dos/as interesados/a e realizarase de forma telemática.</p>
--	---

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>Durante o desenvolvemento das diversas unidades vanse realizar catro tipo de actividades:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ <u>Actividades introductorias</u>: mediante cuestionarios, comentarios de texto, realización de lecturas etc. O tipo de actividade dependerá dos contidos que se vaian a traballar en cada unha das unidades. ✓ <u>Actividades de desenvolvemento</u>: mediante explicacións, realización de diversas actividades para traballar os contidos traballados: exercicios, esquemas, resumos, cuestionarios, redaccións, comentarios de texto, etc. ✓ <u>Actividades de reforzo</u>: para todo o alumando realizaranse actividades de reforzo sobre os contidos tratados, xeralmente en forma de exercicios que tamén servirán como método de repaso dos contidos vistos en cada unidade. ✓ <u>Actividades de avaliación</u>: as actividades de avaliación dependerán do tipo de contidos que se traballasen nesa unidade, podendo realizar pequenas probas escritas (como cuestionarios, preguntas de desenvolvemento, elaboración de textos de diferente tipoloxía) ou algún traballo que sintetice os contidos traballado ao longo da unidade.
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Primeiramente sinalar que todo o alumnado que está cursando, actualmente, o módulo 2 da Educación Secundaria para Adultos dispón de conectividade. No que se refire á metodoloxía durante este período de traballo online debemos sinalar que os principios metodolóxicos irán máis ou menos en consonancia cos recollidos nas programación elaborada para este módulo ao inicio do curso, entre os que destacamos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Favorecer a autonomía na aprendizaxe para que o alumnado aprenda a aprender. 2. Promover a actividade e a aprendizaxe por descubrimento, mediante retos, pequenas investigacións. 3. Asegurar a construción de aprendizaxes significativas, que o alumando entenda o que está aprendendo e poida relacionalo con situacións da vida cotiá. 4. Partir dos coñecementos previos do alumnado, de aí que se realicen actividades introductorias nas distintas unidades. 5. Atención á diversidade, mediante a realización de actividades de

	<p>reforzo e, no caso de ser necesario, a adaptación de probas, actividades e exercicios.</p> <p>6. Utilización das TIC, dada a situación é fundamental que o alumnado teña coñecemento sobre o uso das TIC, tanto para acceder a determinados contidos, como para realizar as diferentes actividades e tarefas (na aula virtual, investigacións, etc.).</p> <p>En canto a presentación das diferentes actividades ou tarefas durante este período o proceso a seguir será o seguinte:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Subiranse todos os contidos á plataforma (teoría, explicacións, exercicios, enlaces). 2. No foro de dúbidas subirase todos os días no que o alumnado teña sesións do ámbito da comunicación (martes, mércores, xoves e venres) as tarefas, actividades ou exercicios que deben facer. Dando as indicacións pertinentes (que se debe realizar, como se debe realizar, cando o hai que entregar, onde se debe entregar, etc.). 3. O alumnado poderá resolver as súas dúbidas tanto pola aula virtual, como por correo electrónico ou por WhatsApp. 4. Finalizado o prazo de entrega de cada unha das actividades ou tarefas procederase do seguinte modo: <ul style="list-style-type: none"> ✓ Corrixiranse e comunicarse na aula virtual. ✓ O alumnado que non entregase as actividades será avisado e, de ser o caso, concederáselle unha prórroga. ✓ Tamén se lle concederá unha prórroga a aquel alumnado que deba entregar de novo a tarefa (ben por non cumprir os criterios ou ben por ter que corrixir algo) <p>No que se refire ás probas online establecerase unha data e hora (tendo en conta a todo o alumnado), unha vez que o alumnado se atope conectado, e mediante a utilización de GoogleMeet, faremos visible a proba dentro da aula virtual, dando o tempo que consideremos oportuno para a realización da mesma. Unha vez finalizada a proba, esta deixará de ser visible para o alumnado, ao que se lle comunicará, posteriormente, o resultado obtido.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Traballamos, principalmente, co material proporcionado pola Xunta, as unidades didácticas destinadas a educación secundaria para adultos. Así mesmo é importante sinalar que as explicacións de cada apartado fanse a través dos temas da Xunta aos que se lle engaden, cando se considera preciso, explicacións por apartados, pequenos resumos e, incluso, sublíñanse algúns apartados ou remítese ao alumnado a outros recursos (explicacións na web, explicacións noutros temas deste módulo ou doutros, etc.).</p>

	Do mesmo modo, e ademais das actividades que se atopan en cada unidade, realízanse actividades complementarias a estas: fichas de traballo (xeralmente de repaso), cuestionarios, etc., que se realizan a través da aula virtual.
--	---

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>O alumnado que cursa o módulo 2 da Educación Secundaria para Adultos (ESA) é maior de idade, polo que non existe comunicación coas súas familias.</p> <p>Co alumnado utilízanse, principalmente, tres vías de comunicación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Aula virtual: onde se suben as tarefas, explicacións, exercicios, etc. Utilizamos principalmente os foros para lembrar as actividades que deben realizar, datas e forma de entrega, etc. ✓ Correo electrónico: que se emprega para enviar certas actividades, correccións ou incluso resolver dúbidas. ✓ Teléfono móbil: utilizamos principalmente WhatsApp para as comunicacións máis urxentes (lembrar que hai actividades sen entregar, resolver dúbidas, informar de que xa dispoñen das actividades na plataforma, etc.)
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.